

## **III CONCURSO DE MÚSICA DE CÁMARA. CSMVigo. 2017**

O Conservatorio Superior de Música de Vigo (CSMVigo) convoca o *III Concurso de Música de Cámara*, que se desenvolverá no curso académico 2016/2017. O obxecto do concurso é o de estimular e recoñecer a excelencia interpretativa en conxuntos de música de cámara conformados por alumnado matriculado en calquera das especialidades impartidas no centro. Rexerase polas seguintes bases.

### **BASES DO CONCURSO**

#### **Participantes e inscrición**

- 1- Poderán tomar parte no concurso, conxuntos de cámara conformados por alumn@s matriculados no CSMVigo en calquera das especialidades e itinerarios, e en calquera curso.
- 2- Para tomar parte no concurso únicamente é preciso cubrir a folla de inscrición ao efecto, e entregala por rexistro nas oficinas do centro.
- 3- O número máximo de compoñentes de cada conxunto de cámara, será de cinco intérpretes.
- 4- O prazo para inscribirse será entre o 3 e o 11 de maio, ámbolos dous incluídos, no horario de atención pública das oficinas do centro.
- 5- Cada conxunto deberá preparar unha audición de duración mínima de 12 minutos. Poderán propoñerse varias obras ou movementos, indicando na folla de inscrición o título e o autor ou autora da obra ou obras.

#### **Fases do concurso**

- 6- O director do CSMVigo nomeará un xurado conformado por cinco docentes pertencentes ao seu claustro, e presidido polo docente que designe a dirección do centro. O xurado e terá como competencias:
  - a. Aprobar e publicar as listas de admitidos e concursantes.
  - b. Realizar a convocatoria e chamamentos dos concursantes, de acordo cos prazos previstos nestas bases.
  - c. Deliberar e outorgar os premios convocados.
  - d. Resolver calquera incidencia relativa ao concurso desde o momento da súa constitución ao da súa disolución (en coordinación cos órganos responsables do centro), así como interpretar o contido destas bases cando houbese lugar.
- 7- Cronograma do concurso.
  - 3 -11 de maio ámbolos dous incluídos: inscrición de conxuntos no rexistro das oficinas do CSMVigo en horario de atención ao público mediante o formulario disposto ao efecto.
  - 12 de maio: nomeamento e constitución do xurado
  - 12 de maio: Publicación de lista provisional de admitidos.

- 15 e 16 de maio, ámbolos dous incluídos: reclamacións á lista provisional de admitidos. As reclamacións dirixiránse ao presidente ou presidenta do xurado e presentaranse no rexistro das oficinas do centro en horario de atención ao público.
- 18 de maio: publicación da lista definitiva de admitidos, con determinación da data, hora, orde de actuación e obra, ou obras, a interpretar no concurso.
- 22 de maio: celebración do concurso. O horario, determinaránse en razón do número de conxuntos finalmente admitidos, e faránse públicos coa publicación da lista definitiva de admitidos e orde de actuación, o 18 de maio.

8- O xurado terá a facultade de interromper a audición dos conxuntos concursantes, durante o momento do concurso, antes do remate da obra, se o considera oportuno.

### **Premios**

9- O xurado poderá outorgar un 1º, 2º e 3º premios, así como ata tres mencións de honra ordeadas igualmente como 1ª, 2ª e 3ª mención de honra, no caso de que así o estimase, e á vista do nivel dos conxuntos presentados. Igualmente poderá declarar desertos os premios que considere.

10- Para o 1º, 2º e 3º premiados, o premio consistirá en:

- a. Realización dun concerto no Auditorio do Concello de Vigo (Praza do Rei), que terá lugar entre os días 1, 2 e 3 de xuño, segundo a programación que elaborará a vicedirección do CSMVigo de acordo co Concello de Vigo. O Concello e o CSMVigo disporán os medios necesarios para este concerto así como a súa publicidade.
- b. Bono de compra por valor de 200 €, 150 €, e 100 € respectivamente; a compra realizarase nunha casa comercial de produtos musicais que se designará, e no prazo que se indique. O conxunto designará unha persoa do mesmo, como responsable para a realización destas compras.
- c. Diploma acreditativo.

11- Para as Mencións de Honra

- a. Diploma acreditativo.
- b. Posibilidade de participar nos concertos previstos para os conxuntos premiados, en función da programación final que resulte destes concertos. A Vicedirección do centro o comunicará neste caso ao grupo ou grupos de ser o caso, con unha antelación mínima de 15 días naturais á realización do concerto.

12- Os premios entregaranse nun acto que se celebrará durante o curso 2016/2017 no Auditorio Martín Códax do CSMVigo, en data que se determinará e se comunicará con unha antelación mínima de 10 días aos gañadores.

### **Base xeral**

13- A participación no concurso implica a aceptación completa destas bases.